

PLAN + PROVINCIA PARA A ACTIVACIÓN DO EMPREGO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA 2024: LIÑA 3.

PERFIL E NÚMERO DAS PERSOAS DESEMPREGADAS A CONTRATAR POLO CONCELLO DE TOMIÑO: as persoas candidatas deben ser persoas empadroadas en Tomiño, desempregadas, inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandantes non ocupados e que estean dispoñibles para o emprego, tanto no momento da sondaxe como no da contratación.

A xornada en tódolos casos será completa (100%).

Os perfís, a duración e as datas de inicio previstas para as 20 contratacións son as que indicamos a continuación:

- 3 Peóns de xardinería, contrato 9,5 meses, inicio previsto 16/03/2024. **(95121019) (80)**
- 8 Peóns de xardinería, contrato 7 meses, inicio previsto 16/03/2024. **(95121019) (80)**
- 1 Peón da construción, contrato 6 meses, inicio previsto 16/03/2024. **(96011029) (80)**
- 1 Conductor-operador de retroescavadora Oficial 2ª, contrato 6 meses, inicio previsto 01/05/2024. **(83311174) (50)**
- 1 Conductor-operador de retroescavadora Oficial 2ª, contrato 8 meses, inicio previsto 16/03/2024. **(83311174) (50)**
- 1 Instalador electricista en xeral oficial 1ª, contrato 9,5 meses, inicio previsto 16/03/2024. **(75101033) (40)**
- 1 Mecánico de mantemento e reparación de automoción en xeral oficial 2ª, contrato 7 meses, inicio previsto 16/03/2024. **(74011034) (50)**
- 1 Soldador de estruturas metálicas lixeiras, especialista, contrato 7 meses, inicio previsto 01/04/2024. **(73121051) (70)**
- 1 Técnico administrativo en xeral (categoría Oficial administrativo), contrato 9 meses, inicio previsto 01/04/2024. **(36131039) (00 Técnico)**
- 1 Traballador/a social, (categoría axudante titulado), contrato 7,5 meses, inicio previsto 16/03/2024. **(28241065) (00 Técnico)**
- 1 Enxeñeiro Técnico Forestal/Biólogo (2) (categoría axudante titulado), contrato 6 meses, inicio previsto 16/03/2024. **(24251011/24211019) (00 Técnico)**

(2) Refírese a un único posto onde a orde de preferencia de titulacións sería: 1º Enxeñaría técnica forestal ou Grao en Enxeñaría Forestal especialidade en explotacións forestais; se en Tomiño non houberse unha persoa desempregada con esa titulación, pasaría a buscarse persoas candidatas con Licenciatura ou grao en Bioloxía ou calquera outro título equivalente noutro plan de estudos, expedido por Centros Oficiais de Ensino.

Excepto nos postos de peóns de xardinería e de técnico administrativo, será requisito para ser admitido nestes procesos de selección, posuír como mínimo o carné de conducir B en vigor, pois en caso de ser seleccionados estes traballadores deben desprazarse ás distintas obras ou instalacións ás veces en vehículos municipais e para iso é preciso que posúan o carné.

No caso do conductor-operador de retroescavadora será requisito posuír o carné mínimo en vigor que esixa a lexislación no momento da selección para a conducción da maquinaria que se trate.

Aos Oficiais de primeira esixiráselles o título de Graduado escolar/Graduado en ESO ou equivalente.

O/A técnico/a administrativo/a terán como requisitos posuír a titulación ou titulacións de Ciclo Superior ou equivalente da familia profesional de Administración e xestión que se establezan nas bases de selección.

Valoraranse para todos os postos ademais dos coñecementos da profesión, as seguintes situacións pola orde de preferencia que se indica: Persoas desempregadas de longa duración, mulleres con baixa cualificación, ter máis de 45 anos, persoas mozas, especialmente con baixa cualificación, ter unha discapacidade recoñecida igual ou superior ao 65% ou persoas con discapacidade que presenten maiores dificultades de acceso ao mercado de traballo, sempre que esta permita a realización das funcións propias de cada un dos nomeados postos, ser vítima de violencia de xénero, formar unha familia monoparental con fillos a cargo, ter un nivel de renda máis baixo.

Ademais segundo o posto de que se trate poderanse valorar outras situacións ou titulación/formación relacionadas coas funcións de cada posto e que se concretará nas bases da convocatoria de cada posto.

Tomino, 5 de febreiro de 2024

(Este texto ten carácter meramente informativo)